

# Normas FIFA16

Regulamento específico FIFA 16 Bo1  
REGULAMENTO E PREFERENCIAS DO XOGO

Xogo: FIFA 16

Modalidade: Torneo presencial 1 vs 1

Plataforma: PS4, se os dous xogadores están de acordo poderase xogar en calquera outra plataforma

Emparellamentos: Facilitarase un enlace coa táboa do torneo e un horario no que presentarse, así como un correo de contacto. É de vital importancia para a realización do torneo seguir este horario.

Formato do desafío: Ao mellor dun partido. En caso de empate xogarase prórroga e se ao final desta continúa o empate decidirase o vencedor coa tanda de penaltis.

Regras Xerais

A partir da hora acordada para xogar o desafío, tedes 30 minutos para xogar o partido e notificar á organización en persoa ou enviando o resultado ao correo destinado para iso.

Antes de empezar, tanto ti como o teu rival debes asegurarnos de que todas as preferencias de xogo están configuradas de acordo ao regulamento do torneo e as condicións preestablecidas na propia temática deste.

Condicións de Vitoria: Gañaches o desafío.

Só podes declarar este resultado unha vez gañado o partido ou tras 15 minutos sen recibir notificación por parte do teu rival.

Poñer vitoria en calquera outro suposto é motivo de sanción.

Condicións de Derrota: Perdiches o desafío.

Este resultado aplícase en caso de:

- Perder o partido.
- Non presentación tras 15 minutos de cortesía.
- Cometer un erro na configuración do desafío e non dispoñer de tempo de reiniciarlo.
- Aplicar mal o regulamento do xogo ou do torneo.

Recoñecer o voso erro pode supoñer que non sexades sancionados.

Condições de Protesta: Non estás de acordo co desenvolvemento ou o resultado final do partido introducido polo teu rival.

Tamén se pode protestar polos seguintes motivos:

-Detectaches algunha infracción no uso do regulamento do xogo ou torneo.

-O teu rival abandonou antes de rematar o partido.

Se pensas que se quebrantou algunha norma da Liga durante o desafío, ou ben simplemente non estás de acordo co resultado do partido, debes presentar a “Protesta” ao organizador para que sexa revisado. Ten en conta que debes presentar probas convincentes do conflito.

Resultados non introducidos

Se algún dos contendentes do encontro non notificou o seu resultado pasados 45 minutos dende a hora estipulada do desafío, o único resultado rexistrado será o válido.

Se ningún xogador introduce resultados, tras os 45 minutos o partido darase por finalizado e ambos xogadores quedaran eliminados.

O organizador pode sancionar a aqueles usuarios que non introduzan o resultado deliberadamente.

Presentarse durante o desafío

Tes un tempo límite de 15 minutos para presentarte. Pasado este tempo, se un dos xogadores ou equipos non se presentou, o bando que si o teña feito será considerado gañador do partido por incomparecencia do opoñente.

¿Que facer se.....

O teu rival non se presenta:

Debes avisar ao organizador, e presentar as probas que teñas para demostrar que o teu rival non estaba presente á hora de comezo máxima do desafío e que ti si estabas presente para xogar o partido.

O teu rival configura mal o partido ou usa algo que non está permitido:

Asegúrate de que tes probas gravadas desa infracción.

Para a partida e avisa ao organizador para dar conta da infracción, asegúrate de ter probas que demostren dita infracción.

Atribución de vitoria:

Debes asegurarte de ter probas finais de cada partido, nos que se vexa claramente os xogadores e o resultado final de cada partido, no caso do teu rival notifique a súa vitoria tendo perdido, deberás mandarnos esas probas para lexitimar a túa vitoria.

Lista de sancións.

Adxudicarse unha vitoria falsa: Desafío perdido.

Manipulación de plantillas en FIFA non correspondentes ao torneo. Desafío perdido.

Aliñación indebida dun xogador en FUT: Desafío perdido.

Comportamento antideportivo: Mínimo un aviso.

Configurar mal un desafío: Mínimo un aviso, e dependendo do tempo de solución incluso desafío perdido.

Protestar un desafío sen motivo ou non presentar probas: Mínimo un aviso.

Insultos ou menosprezo á organización: Expulsión do torneo.

Desafíos falsos ou pactados: Mínimo un aviso, e incluso a expulsión do torneo.

-Dúas sancións implican a expulsión do torneo.

Aclaración sobre varios conceptos

Aproveitarse de glitches do xogo, será considerado comportamento antideportivo.

Os horarios están para cumprirse.

## CREACIÓN DE DESAFÍOS

Os partidos débense xogar como partidos amigables. Débese ter en conta a situación de local para hostear o partido.

Os desafíos débense crear coa seguinte configuración.

Equipos: Calquera

Duración: 6 minutos por parte.

Tipo de partida: Igualada

Prohibicións:

Xogadores editados ou personalizados. Os cambios na aliñación tédelos que facer antes do comezo do partido, as estatísticas dos equipos non poden estar modificadas antes do comezo do partido.

Prohíbese o uso de formacións personalizadas. Deberanse usar as formacións coas posicións orixinais para cada xogador.

Poderase importar unha aliñación doutro equipo sempre que non se modifique. O rival terá dereito a saber de que equipo está importada.

#### FUNCIONAMENTO DOS DESAFÍOS

Preferencias:

A partir da hora acordada para xogar o desafío, tedes 90 minutos para xogar o partido e notificar o resultado.

Antes de empezar, tanto ti como o teu rival debes aseguravos que todas as preferencias do xogo están configuradas de acordo ao regulamento da Liga e ás condicións que acordades.

Cando acabe o partido debes notificar o resultado que corresponda a cada un de entre os seguintes:

Vitoria: gañaches o partido, soamente no caso que teña xogado e rematado o partido con resultado ao teu favor. Notificar vitoria en calquera outro suposto é motivo de sanción.

Derrota: perdiches o desafío ou non te puidiches presentar nos 15 minutos de cortesía ou cometiches un erro aplicando o regulamento. Recoñecer o vos erro pode supoñer que non sexades sancionados.

Protesta: no estás de acordo co desenvolvemento ou o resultado final do partido ou detectaches algunha infracción no regulamento ou ben o teu rival non se presentou ou abandonou antes de rematar a partida.

Se pensas que se quebrantou algunha norma da Liga durante o desafío, ou ben simplemente non estás de acordo co resultado do partido, debes notificar a "protesta" (en ningún caso vitoria) para que sexa revisado polo organizador.

**NORMA PRIORITARIA:** A organización gárdase o dereito a cambiar calquera norma en favor da resolución de problemas.